

APROXIMACIÓN Á MICROTAPONIMIA DA BEIRA DO MAR NO CONCELLO DE RIBEIRA

Mónica Martínez Baleirón
Instituto da Lingua Galega

Introdución

O obxecto de estudo deste traballo é ilustrar a riqueza toponímica do contorno costeiro tomando como base a análise dos datos recollidos no traballo de campo realizado no concello de Ribeira. Este concello constitúe un bo exemplo para xustificar a necesidade de realizar estudos coma este:

- É un concello de longa tradición pesqueira onde a pesca de baixura segue sendo un sector produtivo importante.
- Nel aínda se mantén unha forte interacción co mar, polo que podemos escudar no uso espontáneo e na memoria da xente as denominacións tradicionais dos lugares e dos accidentes xeográficos.
- Ten un longo perímetro costeiro.

Na ribeira deste concello arousán documentamos, polo de agora, arredor de 800 microtopónimos. Os nomes de lugar que imos ter en conta son:

- Entidades de poboación (ou sexa, toponimia maior) próximas á beira do mar, ou sexa, á liña de costa –non son microtopónimos pero axudan a ver a motivación da toponimia propia da beira da costa, na que hai unha forte presenza do elemento marifeiro.
- Elementos do relevo costeiro (praias, abras, golfos, furnas, puntas, eiteiros, vaos etc.)¹.

Mónica Martínez Baleirón

- Relevo marítimo (petóns, tousas, laxes, baixos, cabezos, cubertos, illas, fanequeiras, vaos, bancos, etc.).

A necesidade de realizar este traballo de recollida e de estudo da microtoponimia da ribeira xustifícase por varias razóns.

- Os traballos que se desenvolven na actualidade realízanse na Galicia interior. Aínda que a metodoloxía² que se deseñou para facer os traballos de recollida tamén nos serve ós que estamos a recoller toponimia na Galicia costeira, bótase en falta unha tipoloxía que inclúa as formas características dos topónimos que podemos atopar a carón do mar.
- A cartografía que divulga a nosa toponimia non está ben documentada. Os testemuños escritos actuais dan conta dunha toponimia costeira allea ao coñecemento do territorio por parte dos seus poboadores³. Os barbarismos, as incorreccións e os baleiros que presentan os mapas elaborados polo Instituto Xeográfico Nacional repítense en todas as publicacións cartográficas, desde os mapas 1:25.000 que empregan os alumnos das escolas de náutica ata as obras de divulgación, como poden ser as guías aéreas.
- Ten un interese práctico, divulgativo e normalizador. Cartografar a toponimia do litoral é un labor que interesa e implica os mariñeiros de baixura –que son os destinatarios aos que máis pode fascinar un traballo coma este–, e á poboación do territorio. Así pois, non se pode descoidar o rigor na elaboración dos repertorios toponímicos polo que sentan de precedente.
- A feroz transformación do territorio urxe os labores de recuperación. Coa urbanización gáñóuselle terreo ao mar, pero perdeuse en contorno natural. Este contorno natural é o medio de vida dunha parte importante de xente que leva desenvolvendo no mar labores pesqueiros e marisqueiros, aínda hoxe de xeito artesanal. A constatación desta realidade en fuga esixe unha recollida exhaustiva das denominacións de lugar vivas e mortas.
- Os rúeiros deixan fóra unha parte moi importante do noso patrimonio cultural. No que ten que ver co rúeiro das poboacións, que é responsabilidade das corporacións municipais, deixáronse fóra do recoñecemento oficial as denominacións vivas de moitos barrios urbanos que están na liña de costa, ex. *Bandaorrio*. A falta deste recoñecemento derivará moi probablemente na perda de moitos destes nomes de lugar, como pode ser o caso de denominacións máis esquecidas como a de *Queiximonde*.

Hai unha realidade que xa non está (a ribeira⁴, os peiraos), pero que deixou unha herdanza lingüística recuperable a través dos rúeiros. Por exemplo: *As Laxes do Castelo* > *travesta Venecia* > *calle Juan Canalejo* > *rúa da Arousa*.

Aproximación á microtoponimia da beira do mar no concello de Ribeira

Hai unha realidade que permanece, máis ou menos manipulada, e sobre ela a recuperación parece máis doada. Por exemplo: *O Porto* ou *O Peirao* > *O Malecón* ou *O Muelle*, respectivamente.

É preciso recoñecer a fisionomía propia do territorio costeiro no nomenclátor. Por unha banda acontece que o nomenclátor oficial de lugares sancionado pola Comisión de Toponimia non inclúe a *fisionomía* propia da costa. É o caso dos nomes das praias, que son un elemento moi importante desde o punto de vista referencial.

Recuperar a toponimia tradicional contribúe ao coñecemento e ao recoñecemento do noso idioma e da nosa cultura. A toponimia, ademais de ser o testemuño dun estado de evolución do idioma, é unha fonte de coñecemento que debería interesarlles tanto aos docentes coma aos investigadores: Aos docentes porque a toponimia é unha vía para achegar os individuos ao seu contorno e á historia do territorio. E aos investigadores porque obtéñen a través da toponimia unha fonte de coñecemento dialectal e léxico moi importante.

Compilación dos materiais 1. Documentación escrita

A realización dun traballo deste tipo debe ter en conta tres fases de traballo: a recollida dos datos, a súa localización no mapa e o seu estudo.

Para a realización dun estudo fondo que aborde a investigación etimolóxica é imprescindible ter en conta de maneira principal toda a documentación escrita que conteña denominacións toponímicas e antroponímicas. A documentación escrita é un material moi valioso do que non se pode prescindir para facer un estudo rigoroso de interpretación etimolóxica dos nomes de lugar, que aquí non imos dar. Os textos testemuñan:

- Estadios anteriores de topónimos actuais, polo que os textos botan luz sobre a súa orixe.
- Topónimos caídos en desuso (ex. *as Laxes do Castelo, Queiximonde*) ou mesmo mortos (ex. *Peirao*), isto é, que hoxe xa non se conservan na toponimia oficial.
- Outro xénero de nomes propios (ex. persoas, embarcacións, casas) que contribúen a poñer en relación a toponimia coa antroponimia.

Entre as obras de maior interese para a realización deste tipo de consulta hai que destacar o Catastro do Marqués de Ensenada, os libros parroquiais e as obras que puidesen amosar un interese pola historia ou a lingua do lugar. Entre estas últimas localizamos dúas de grande interese pola atención dedicada á toponimia. Trátase dos repertorios testemuñados polo padre Sarmiento e polo padre Rodríguez:

O Padre Sarmiento (século XVIII) dá boa conta dunha mancha de topónimos marítimos que rexistrou durante a súa estada na comarca do Barbanza, como o *Areal da Secada* > *Area Secada* > **Plaña da Area Secada*.

Mónica Martínez Baleirón

Rodríguez Rodríguez (1976) emprega como fonte do seu repertorio a cartografía existente no momento, que segue mimeticamente aínda recoñecendo nela moitos erros, tanto no referido a nomes coma a localizacións. Indica as coordenadas dos accidentes que sinala. Non expresa cales son as súas fontes concretas.

Compilación dos materiais 2. Cartografía

¿Que pasa nos mapas antigos? Os documentos que mellor conta dan da toponimia son os mapas topográficos e as cartas náuticas:

Mapa Topográfico Nacional de España (escala 1:25.000), elaborado polo Instituto Xeográfico Nacional. 151-I: Bretal, 151-II: A Pobra do Caramiñal, 151-III: Corrubedo e 151-IV: Santa Uxía de Ribeira. Trátase de materiais moi criticados pola falta de rigor investido na etiquetaxe toponímica. Por exemplo: deturpacións sorprendentes e irrecoñecibles (**Llegareos de Tierra* por *Lagareu*), denominacións que non documentamos na fala (**Punta Luclas* por *Os Quenllos*), etc. Na segunda edición destes mapas fóronse corrixindo localizacións, galeguizando os xenéricos e normalizando a toponimia². Vese certa preocupación por corrixir erros de versións anteriores. Con todo, aínda quedan denominacións sen corrixir: **Palmeiras* por *Palmeira*, **Madarróns* por *Modorróns*, **Os Paraños* por *Os Paramos*. Regularízanse como xenéricos formas do galego común atropelando as formas dialectais propias: **praia da Area Secada* para *Area Secada* ou *Areal da Secada*; **praia de Area Basta*; **enseada de Corrubedo* para a *Abra de Corrubedo*; **punta do Touro* para *Os Eiteiros do Touro*.

Os topónimos marítimos que aparecen rexistrados nestes mapas reflírense fundamentalmente ás puntas, ás praias, ás illas e ás pedras máis importantes que hai na liña de costa; isto é, polo xeral, na cartografía represéntanse fundamentalmente os obstáculos que se poden atopar na navegación dentro da ría. Non aparecen a maioría das *fanegueiras* –denominación que se aplica dentro da ría para designar as pedras onde se localizan bancos pesqueiros e marisqueiros–, nin das *touzas* –pedras localizadas a menos brazas, que non velan– ou mesmo dos baixos que teñen interese polo perigo que supoñen para a navegación.

Cartas náuticas. A súa fidelidade á toponimia é moi vasta. Trátase de mapas que se reimprimen, pero non se reeditan, non se actualizan. Perpetúan barbarismos históricos de xeito incomprendible.

Compilación dos materiais 3. Traballo de campo: a enquisa oral

A toponimia é un patrimonio lingüístico que se transmite fundamentalmente pola oralidade dentro dunha comunidade de falantes. E o seu coñecemento é sempre parcial:

«La toponimia refleja el conocimiento de una parcela léxica relacionada con el ámbito geográfico en el que cada uno se mueve. Desde este punto de vista, todos tenemos nuestra propia y particular toponimia,

Aproximación á microtoponimia da beira do mar no concello de Ribeira

pero es evidente que quien mejor y más a fondo puede conocerla es quien vive de continuo nombrándola, quine tiene el campo como hábitat natural y diario, y ha de moverse por él tanto física como referencialmente, a través del lenguaje» (Trapero 1997:30). «no es exclusiva de ellos [labradores e pastores], ni la poseen todos por igual» (Trapero 1997:31).

Tendo en conta que non existe moita documentación que achegue materiais de valor cuantitativo e cualitativo, o traballo de campo vai subministrar o groso da información. A realización da enquisa oral é imprescindible nun traballo de tipo exhaustivo. Para guiar a enquisa esfíxense certos coñecementos previos:

- Información lingüística: coñecemento do significado dos xenéricos empregados polo informante (*eiteiro, fanequeira*, etc.).
- Información toponímica primaria tirada doutras fontes: catastro municipal, mapas, caderno de marcas dalgún mariñeiro (se temos a sorte de atopar algún), etc.
- Información histórica: coñecemento da historia da actividade pesqueira no territorio para recoñecer a transformación da xeografía e mais dos costumes. En Aguiño perdéronse os labores pesqueiros tradicionais, de xeito que se deixou de ir a moitas pedras ás que se fa pescar co liñón. Agora a actividade extractiva máis importante é o marisqueo do percebe e da ameixa.

Metodoloxía do traballo de campo

Os informantes: como o coñecemento da toponimia é sempre parcial hai que dar cos informantes máis autorizados en cada sector no que acoutemos o ámbito de estudo. Da intelixente elección dos informantes dependerá a calidade e a cantidade da información recollida, a duración das enquisas e a representatividade da información documentada a través deles. Véx. Trapero 1997:29 e ss.

- *Número*: aseguraremos a cantidade e a exactitude dos nomes entrevistando un número de informantes suficiente que faga representativa a mostra (2/3 mariñeiros por confraría).
- *Calidade*: facer unha boa selección dos informantes evita ter que ampliar a mostra por riba dos tres informantes. Hai que valorar a calidade dos primeiros informadores para a improdutividade das últimas enquisas realizadas. É preciso cotexar a información recibida para detectar a posible variabilidade con respecto á cantidade de información.

Mónica Martínez Baleirón

- *Cantidade de información recollida*: da ampliación do traballo de campo sempre esperamos tirar novas informacións que boten luz sobre os moitos interrogantes que sempre quedan. Pero ás veces cantos máis informantes temos máis se complican as explicacións.
- *Pronuncia popular*: os informantes adoitan presentar pronuncias idiolectais e mesmo vacilan nas súas pronuncias. Cotexar as informacións lingüísticas axudará a documentar as formas máis empregadas e a descubrir posibles etimoloxías populares.
- *Segmentación*
- *Localización*
- *Perfil*: cómpre que sexan mariñeiros de baixura, preferiblemente en activo; teranse en conta as divisións administrativas das zonas de marisqueo.
- *Método de traballo*. Como colaboradora externa do SITGA, empreguei os materiais e a metodoloxía dos seus *agronautas*, do que xa se deu boa conta neste congreso.

Descrición morfolóxica dos nomes dos distintos accidentes da beira do mar

Hai moitas cuestións que se deberían tratar con certa profundidade. Son complicacións sobre as que hai que tomar decisións á hora de elaborar unha proposta de normalización toponímica:

- Recoñecemento do léxico dialectal presente na toponimia
- Nomes propios/xenéricos
- Presenza do artigo canda o topónimo
- Presenza de máis dunha denominación para un mesmo lugar

Imos ver rapidamente as características formativas das denominacións. Non nos imos deter demasiado neste aspecto porque, á vista dos datos recollidos no SITGA, non parece haber diferenzas ao respecto do proceso de formación ao respecto da toponimia do interior.

Aproximación d microtoponimia da beira do mar no concello de Ribeira

a) Sen presenza do xenérico:

Denominacións plenas (art.) + subst. + (adx. / fr. prep.)	<i>O Barcal, Bastigueiros, Besugueiro, As Cachopeiras, O Cagaboi, A Calña, O Caramcheiro, Carniseira, As Curbinas, Ferratimóns, A Forcada, Os Gobernallos, Lagareu, Os Quenllos, O Quirieleisón, Rei de verme, Sagres, Sálvora, As Tanconas, Vionta...</i>
É un procedemento moi rendible	<i>Carabanselo Grande, Carabanselo Pequeno; O Carrapitel de Terra, O Carrapitel de Terra / de Fóra; A Tancona de Terra / de Fóra, O Panarro de Terra / de Fóra</i>

b) Con presenza do xenérico:

Denominacións plenas (art.) + subst. + (adx. / fr. prep.)	<i>Rúa, Insua, O Carreiro, As Salñas, O Serríño, O Sinal...</i>
	<i>Area Secada, Area Basta, O Carreiro Ancho, Caveiro Ladrón, Conle Fendido, Illa dos Ratos, A Insua de Fóra, Area Alta da Rta, Area Alta de Terra, Petón Mouro, O Porto Novo, As Tousas de Canucho...</i>
Elipse do xenérico art. + fr. prep.	<i>A de San Pedro, As de Xanico, As de Xúxel, As do Seixo, A de So Camouco...</i>
Nomes creados a partir doutro topónimo (art.) + subst. + fr. prep Indican proximidade ou adxacencia	<i>(Plaia d) o Vilar, Plaia de Seráns, O Banco do Cagaboi, O Carreiro dos Asadoiros, O Carreiro (do Castro), Comboa do Bravo, Con da Ferreira, O Cuberto das Plas, Cabesos de Sentensián, Conles da Queixada do Falcoeiro, O Chan da Illa, Eisteiros do Touro, Insua dos Fornos, Laxe do Miñoteiro, (A Pasantla d) o Trancoeiro, Pedra do Saygo, A Pedriña do Sinal, Petón do Homiño, Punta da Graña, o Serro do Roncoso, O Sinal (do Castro), Tousa de Rei de Verme, Tousas do Falante, Vao do Alto do Touro...</i>
Topónimos referenciais	<i>Tousa de Leste das Plas (< As Plas), Baixo Sur de Sagres, Petón do Medio dos Canteiros, Tousa de Norte do Sinal</i>

Mónica Martínez Baleirón

Descrición léxico-semántica

Debido á dificultade que supón a investigación etimolóxica da toponimia optamos por organizar o material que rexistramos non xa en función da motivación senón en función da semántica das voces que se recoñecen á luz dos coñecementos dialectais actuais. Optamos por facer un estudo interpretativo prudente posto que investigación etimolóxica esixe unha formación lingüística e un acopio de documentación que non temos. Caer en interpretacións simples é moi fácil; hai que ter coitado coas etimoloxías populares (Amigó 1989:37).

Abordamos a clasificación dos materiais a través da identificación dos campos semánticos en que se poden inserir as formas. Os campos semánticos que se recoñecen maioritariamente entre a microtoponimia da zona teñen os seguintes eixes nucleares. A etimoloxía será o que nos axude a revelar a orixe das voces. A motivación que puido orixinar as denominacións require un estudo moito máis fondo do que aquí realizamos.

A tipoloxía semántica (significativa) que empregamos é bastante xeral; ten en conta os motivos semánticos máis rendibles como fonte de denominación da toponimia:

- a) Lugares (proximidade, posición relativa, configuración do terreo)
- b) Acción das plantas sobre os lugares (flora)
- c) Acción das animais sobre os lugares (fauna)
- d) Acción do ser humano sobre os lugares (hábitat)
- e) Valoracións dos lugares polo ser humano
- f) Relacións dos lugares con outras realidades

a1) Topónimos motivados pola proximidade a outro lugar de máis relevo

É un fenómeno moi frecuente. Os accidentes máis importantes adoitan servir de referente para outros localizados arredor del. O mecanismo empregado con máis frecuencia na denominación das pedras do mar é a motivación por posición relativa a outra pedra.

1. A orientación é unha maneira de denominar varias pedras dentro dun conxunto: *Os Alastres (O Alastre de Terra, O Alastre do Medio, O Alastre de Fóra)*
2. A relación que ten unha pedra con respecto a outra en función do tamaño: *A Airó Grande, A Airó Pequena*
3. A relación que ten unha pedra con respecto a outra máis significada: *o Pirillón, a Tousa do Pirillón*

a2) Topónimos motivados pola configuración do terreo (xeotopónimos)

Son topónimos xeomorfolóxicos (Trapero 1997:97), fan referencia á morfoloxía do terreo, isto é, ao relevo e á forma. Segundo Trapero, o procedemento creativo adoita seguir tres liñas no proceso de designación:

Aproximación á microtoponimia da beira do mar no concello de Ribeira

1. Impónse como termo toponímico o nome xenérico do accidente ou circunstancia do relevo: *Os Quenllos, Corrubedo, Ribeira, Insua, O Carreiro, Pedranselos*
2. Aplícase á denominación xenérica unha referencia relativa á cor, á forma ou a calquera outra característica destacada: *Punta Escorregante, Roncoso, (Plaiá da) Area Basta, (Plaiá da) Area Secada, Laxe Brava, Rinchador, A Roncosa, Roncosiña*
3. Aproveítase o parecido entre a morfoloxía do terreo e os elementos da realidade que aquela suxire ou evoca (metáforas). Probablemente sexa un dos recursos denominativos máis empregados: *Carreiro do Inferniño, Crus de Couso, Pirillón*

b) Topónimos motivados pola vexetación

Segundo Trapero, «los elementos vegetales y animales, por su indudable relevancia para la vida, también son un factor que actúa en numerosas ocasiones en la creación toponímica y por ello resulta bastante frecuente encontrar el nombre de un árbol ou cualquier otro elemento de la flora, o cualquier otro nombre referido a la actividad animal, utilizados como denominación geográfica» (1997:98). Testemuñan o tipo de poboación natural do contorno e mais a realidade dialectal das denominacións.

1. Impónse como termo toponímico o nome xenérico da planta.
2. Aplícase un nome derivado que indica abundancia: *Fieitoso*

c) Topónimos motivados polos animais

Son topónimos motivados pola presenza habitual de certos peixes e aves:

1. Impónse como termo toponímico o nome xenérico do bicho: *A do Bacalau, Balea, Os Bolos, Illa das Cabras, A do Concro, Illa dos Ratos, Melgacho de Fóra, Outeiro dos Corvos. Plaiá dos Bois, Plaiá dos Cans...*
2. Nome derivado que indica abundancia: *Amarella, Ameixida, Besugueiro, Caramcheiro, Con Gavoteiro, Punta Besugueiriño, Punta Falcoeiro, Plaiá Caramuxeira, Plaiá Gavoteira, Pionceira, Robaliceira, As Centoleiras...*

d) Topónimos motivados pola auga (hidrotopónimos)

Loxicamente, non é un motivo moi rendible, e menos para designar as pedras: *Bandaorrito, Río do Mar, Punta Fontán, Plaiá da Fonte Seca, Plaiá de Fontán...*

e1) Topónimos motivados polo hábitat humano

Son topónimos motivados polas formas orixinadas co desenvolvemento urbano, a ocupación do territorio, o proceso de industrialización etc.: *Balieiros, As Laxes do Castelo, Plaiá do Castro...*

Mónica Martínez Baleirón

e2) Topónimos con motivación antroponímica (persoas): nomes propios e alcumes; santoral

Están motivados por algún tipo de vencello cunha persoa (elemento de importante poder identificador): de posesión, de proximidade etc. É un recurso que se emprega frecuentemente nos nomes das praias e tamén no nome de moitas pedras (os mariñeiros que máis frecuentaban alí os labores de pesca co liñón): *Plaia de Flora, Plaia de Mariño, Plaia de Valeiras, Touse de Xan Vidal...*

e3) Topónimos motivados polos barcos que foron alí ao fondo
Os cascos danlle nome a moitos baixos: *O Pedro, O Espesie...*

e4) Topónimos motivados polos nomes dos santos (haxiotopónimos)
A espiritualidade non é fonte de moitos topónimos, nin sequera os patróns dos mariñeiros evocan posibles denominacións: *Pedra de Santa María...*

f) Relación local (toponímica)

É un dos procedementos máis rendibles na acuñación de calquera dos elementos da tipoloxía xenérica: *Plaia da Ameixida, Plaia de Castiñeiras, Plaia do Castro, Plaia do Peirao, Plaia do Touro...*

Aproximación á microtoponimia da beira do mar no concello de Ribeira

ANEXO DE XENÉRICOS

Esta é a listaxe de xenéricos rexistrados no traballo de campo.

1. PEDRAS

- 1.1. *Baixos*
- 1.2. *Insua*: pedra illada con vexetación
- 1.3. *Laxe, laxa e lasa*: pedra bastante grande de forma plana
- 1.5. *Pedra* e **roca*: hiperónimos
- 1.6. *Petóns* e *cons*: pedras que velan segundo o nivel da marea
- 1.7. *Restringa, restinga*: ringleira de pedras
Tousas e *cabezos*: non se ven.

2. ACCIDENTES COSTEIROS

- 2.1. *Abras* e **ensenadas*: abrigos naturais de abertura ancha
- 2.2. *Cabo*
- 2.3. *Comboa*: abrigo natural moi protexido
- 2.4. *Eiteiros*: pedras grandes en terra firme
- 2.5. *Mallante*: liña ou marca sinalada na praia que indica o nivel ao que chegou a última marea
- 2.6. *Plaia*
- 2.7. *Punta*: saínte costeiro
- 2.8. *Quenllo*

3. MARCAS

- 3.1. *Marca* (= situación; precisa dúas enfilacións para a súa localización)
- 3.2. *Enfilación* (= liña imaxinaria que une dous ou tres puntos visibles)

4. BANCOS DE PESCA

- 4.1. *Banco*
- 4.2. *Fanequeira*: dentro da ría, fondo mariño no que hai peixe, sinónimo de *banco*.
- 4.3. *Mares* (pl.): bancos de pesca na costa

5. OUTROS

- 5.1. *Canal*
- 5.2. *Lomba*: monte de area
- 5.3. *Pasantla*: paso
- 5.4. *Covas, covos, pozos* e *caaveiros*: cavidades mariñas, normalmente inseridas entre as pedras; constitúen o acubillo de moitos peixes

Mónica Martínez Baleirón

BIBLIOGRAFÍA

- Amigó [i Anglès], Ramon (1989): *Sobre inventaris de noms de lloc. Introducció metodològica*. Reus: Centre de Lectura.
- Amigó i Anglès, Ramon (1999): *Introducció a la recerca en toponímia i antroponímia*. Barcelona: Publicacions de l'Abadia de Montserrat.
- Instituto Hidrográfico de la Marina (1993): *Derrotero de la Costa NW de España que comprende desde la Estaca de Bares al Rto Miño*. Núm. 2, tomo 1. Cádiz.
- Instituto Hidrográfico de la Marina (1997): *Carta náutica 9262, Ría de Arosa (hoja 1): ensenadas de Corrubedo, Santa Eugenia de Riveira, Cambados y del Grove*. Escala 1:20.000. Cádiz: Instituto Hidrográfico de la Marina.
- Instituto Geográfico Nacional (1991): *Mapa Topográfico Nacional de España. 1: 25.000. Bretal 151-I (3-9)*. [s.l.]: Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo.
- Instituto Geográfico Nacional (1992): *Mapa Topográfico Nacional de España. 1: 25.000. Corrubedo 151-III (5-18)*. [s.l.]: Ministerio de Obras Públicas y Transportes.
- Instituto Geográfico Nacional (?1992-1993?): *Mapa Topográfico Nacional de España. 1: 25.000. A Pobra do Caramiñal 151-II (6-17)*. [s.l.]: Ministerio de Obras Públicas y Transportes.
- Instituto Geográfico Nacional (1994): *Mapa Topográfico Nacional de España. 1: 25.000. Santa Uxla de Ribeira 151-IV (6-18)*. [s.l.]: Ministerio de Obras Públicas, Transporte y Medio Ambiente. Primeira edición de 1985.
- Rodríguez Rodríguez, Manuel (1976): *Hidrotponimia de la ría de Arosa: accidentes costeros, emergentes y submarinos con sus coordenadas*. Santiago de Compostela: Seminario Fontán-Sarmiento de Hagiografía, Toponimia y Onomástica de Galicia. [Inclúe mapa da ría]
- Roselló, Vicenç M. & Emili Casanova (ed.) (1995): *Materials de Toponímia, II. (Mestratge de Toponímia. 1990-1991)*. València. Véx. especialmente os seguintes artigos: María Teresa Montaña i Martí «Toponímia sotaiguada» (páx. 819-824), Miquel Acsensi Montañés «Talassonímia de Sant Carles de La Ràpita» (páx. 945-961), Vicent Verdegall i Cerezo «Toponímia marina de La Plana: senyes i talassònims» (páx. 989-1019)
- Trapero, Maximiano (1995): *Para una teoría lingüística de la toponimia (Estudios de toponimia canaria)*. Las Palmas de Gran Canaria: Universidad de Las Palmas.
- Trapero, Maximiano (dtor.), Manuel Domínguez Llera, Eladio Santana Martel, Carmen Díaz Alayón (1997): *Toponimia de la Isla de El Hierro: Corpus Toponymicum*. Las Palmas de Gran Canaria: Universidad, Servicio de Publicaciones - [Valverde]: Cabildo Insular de El Hierro.

Aproximación a microtoponimia da beira do mar no concello de Ribeira

- Terrado Pablo, Javier (1999): *Metodología de la investigación en toponimia*. Zaragoza: Javier Terrado Pablo.
- VV.AA. (2002): *El litoral de Galicia. Rtas Baixas. De Fisterra al río Miño*. Ed. Geoplaneta.

NOTAS

1. Deixamos fóra deste estudo os orónimos que se elixen como marcas terrestres das enfilacións dos mariñeiros.
2. A toponimia da costa ten as súas especificidades, tanto no que se refire ás designacións –¿que ten de particular, que a opoña á toponimia do interior?– como no que atinxe ao seu tratamento. Nos traballos de recollida no mar hai problemas metodolóxicos importantes: a) Só temos un perfil de informante: os mariñeiros de baixura; b) Os informantes son fontes de información dificilmente cotexables: os accidentes dos que falan non sempre os podemos ver; c) A previsión de asignar unha parroquia a cada topónimo atopa con moitas dificultades na toponimia sumerxida; o feito de asignarlle unha parroquia a un destes elementos só serve como elemento de referencia (orientativa, por aproximación).
3. É un tópico de toda a bibliografía que fala do tema o recoñecemento da calamidade coa que están rexistrados os topónimos; as críticas máis duras diríxense cara aos mapas elaborados polo servizo cartográfico do exército.
4. Onde antes existía o recorte natural da costa montáronse as fábricas –e as súas ramplas– que iniciaron o desenvolvemento da industria pesqueira. Hoxe levántanse neses lugares peiraos, chabolas e recheos que sepultaron os patrimonios ambiental e toponímico.
5. **Lobeiras Chicas* > *As Lobeiras Pequenas*, **Laxe a Tórtoruga* > *Laxe a Tartaruga*, **Pouciña* > *A Bouciña*, **Ilote Corozo* > *Illa de Coroso* ou *Dos Ratos*, **Punta Aguiuncho* > *Punta Aguiuncho*, **Garradiña* > *A Agarradiña*, **Ameixide* > *A Ameixida*, **Praia Carreira de Centoleira* > *Praia do Castro*, **Arrieiros* > *Areeiros* etc.